

## Impugnarán a guía sobre caza que edita a Xunta de Galicia

*A Coordinadora para a Protección da Fauna Salvaxe considera un “insulto á intelixencia”.*

Santiago de Compostela. 27 de Outubro de 2009. A Coordinadora para a Protección da Fauna Salvaxe, plataforma conformada por ADEGA, Matar por Matar Non, Abeiro, Amigos da Terra e a Asociación Libera! emitiu hoxe un comunicado no que anuncian a impugnación dunha guía sobre a caza, editada e financiada pola Xunta de Galicia.

A unión formada por ecoloxistas e animalistas considera un “insulto á intelixencia” o folleto, por considerar ao cazador, textualmente **“é o principal conservador da fauna, debe actuar como tal e colaborar coa Administración”**.

Rubén Pérez, voceiro de Libera! explica: “a guía semella que redactou un neno, obvia non só aspectos básicos, senón que deixa entender que a Lei de Caza é de rango superior á Lei de Protección animal autonómica, o que supón un menoscabo importante á defensa e protección dos animais silvestres, e ofrece unha idea equivocada da nosa lexislación”.

A Coordinadora cree necesario que a guía sexa retirada, xa que ao seu xuízo é “inmoral”, pois evita mencionar tanto ao ecoloxismo como a aqueles cidadáns concienciados co seu entorno e os animais que viven nel.

**Máis información:**  
Rubén Pérez Sueiras  
@. galicia@liberaong.org  
Tel. 606 53 05 70

